

# CONTOS POR TELÉFONO

Texto de **GIANNI RODARI**

Ilustracións de **PABLO OTERO**

Tradución de **CARLOS ACEVEDO**

Encadernado en cartoné. 16 x 23,5 cm. 160 páx. 18 €.

[Contos por teléfono](#) (galego)

ISBN 978-84-8464-759-1. Sete Leguas Especiais.

[Contos ao teléfono](#) (portugués)

ISBN 978-989-749-118-4. Sete Léguas Especiais.

PREMIO ISAAC DÍAZ PARDO AO MELLOR LIBRO ILUSTRADO (AGE) - 2011  
LISTA DE HONRA IBBY (TRADUCIÓN) 2014



Era unha vez...

... o Sr. Bianchi, de Varese. Era representante de comercio e seis de cada sete días pasábaos viaxando por toda Italia, do leste ao oeste, ao sur, ao norte e polo medio, vendendo medicamentos. O domingo volvía á casa, e o luns pola mañá marchaba outra vez. Pero antes de partir, a filla dicíalle: «Por favor, papá: cada noite, un conto».

Os 70 relatos deste libro maxistral son alfaia da literatura breve, exercicios de grande imaxinación adobiadas de sentido do humor e surrealismo. Uns beben de clásicos como a Alicia de Lewis Carroll ou inspiráñse nos contos tradicionais; outros presentan personaxes novos ou obxectos inexistentes nomeados con palabras inventadas. Gianni Rodari -do que se vai cumplir o seu centenario- xoga coa sonoridade da lingua, practica unha escrita metafórica de frases curtas e directas coa que potencia a oralidade.

Combinando historias intrigantes, ledas, entrañables ou tristes, "Contos por teléfono" tamén reivindica a liberdade, rexeita a guerra e activa a reflexión por parte dos lectores. Sería moi complexo escoller un favorito porque todos son cativadores, frescos e cun final do máis sorprendente.

As ilustracións de Pablo Otero -pintura acrílica sobre lenzo- destacan polo valor simbólico, a proliferación de formas e figuras xeométricas, e o protagonismo da cor. Cunha estética rodariana, mesturan onomatopeas,dobres sentidos, caricaturas e refinados códigos visuais, cun vistoso resultado.



- **Temática:** relatos breves.
- **Idade recomendada:** dende 7 anos.
- **Aspectos destacables:** do autor de "[Confundindo historias](#)", "[Inventando números](#)" e "[Gramática da fantasia](#)"; do autor de "[Parece unha formiga](#)" e ilustrador de "[A cocinha de Toto Murube](#)" e "[A raiña de Turnedó](#)" (Kalandraka); clásico da literatura infantil e xuvenil; imaxinación, escrita creativa.
- **Avance do libro:**  
[https://issuu.com/kalandraka.com/docs/contos\\_por-telefono-g](https://issuu.com/kalandraka.com/docs/contos_por-telefono-g)

## Gianni Rodari

(Omegna, 1920 - Roma, 1980)

O gran renovador da Literatura Infantil e Xuvenil foi político, xornalista, pedagógo e escritor; nesta última faceta logrou o Premio Andersen en 1970. Graduouse en Maxisterio e traballou impartindo clases particulares. Polo seu vínculo co Partido Comunista Italiano colaborou con varios xornais; dirixiu L'Ordine Nuovo e, trala súa incorporación a L'Unitá, comezou a cultivar a súa paixón pola literatura infantil: "O planeta das árbores", "Contos longos como un sorriso", "As aventuras de Cipollino", "O libro das retahñas"... Algunhas das súas obras mestras son "Contos por teléfono", "Contos a máquina" e "Contos para xogar": pensáronse para versionar a literatura tradicional, demostrar que a brevidade tamén pode ser sinónimo de boas historias e permitir que o lector poida escoller o final do conto.

<http://www.giannirodari.it>

## Pablo Otero

(Ourense, 1970)

Iniciou a súa traxectoria na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. Artista visual e ilustrador, expón os seus debuxos, esculturas e pinturas en galerías de toda Galicia. Recibiu o 1º Premio de Escultura no I Salón de Arte Xove de Ourense (1992), o Premio María Casares de Escenografía (1999), unha mención especial no Premio Llibreter (2000) por "Mateo" e o Premio Isaac Díaz Pardo de Ilustración (2011) por "Contos por teléfono", ambos de KALANDRAKA.

[https://www.instagram.com/pablo\\_oterorodriguez](https://www.instagram.com/pablo_oterorodriguez)